



InnovaPeme 2022

Plans de innovación para mellorar a capacidade
innovadora de micropemes e pemes



Xacobeo 21-22



XUNTA
DE GALICIA

Descrición / obxectivos

Axudas ás pemes para o financiamento de actividades integradas en plans de innovación que lles permitan sistematizar os procesos de innovación da empresa e estean aliñadas coas prioridades establecidas na RIS3 para Galicia.

Intensidade da axuda

Orzamento do plan de innovación: Mínimo de 80.000€ e máximo de 200.000€.

Subvención: A axuda terá unha intensidade máxima do 50% do orzamento subvencionable, cos seguintes límites distribuídos en dúas anualidades:

Orzamento total	Alcance da axuda
mín. 80.000€	40.000€
máx. 200.000€	100.000€

A presentación dun plan de innovación cun orzamento fora do rango establecido será causa de inadmisión da solicitude de axuda.

1ª anualidade: Dende a data de presentación da solicitude ata o 30 de setembro do 2022.

2ª anualidade: dende o 1 de outubro do 2022 ato o 30 de setembro do 2023.

O pago de cada anualidade farase efectivo unha vez que se comproba a correcta xustificación da execución do plan de innovación. Poderase solicitar o anticipo do 50% do importe da axuda de cada anualidade.

Dotación orzamentaria da convocatoria: 2.800.000€.

Beneficiarios



Microempresas, pequenas e medianas empresas individuais, de acordo coas definicións do Anexo I do Regulamento (UE) número 651/2014.



Domicilio social ou centro de traballo en Galicia, onde deberán desenvolver as actividades para as que solicitan a axuda.

Exclúense como beneficiarios:

As microempresas, pequenas e medianas empresas que no momento da publicación da resolución incluíran como rúbricas exclusivas da Clasificación Nacional de Actividades Económicas - CNAE-2009 algunha das seguintes:

Sección J: Información e comunicación: quedan excluídas como beneficiarias as empresas das divisións 61: Telecomunicacións; 62: Programación, consultoría e outras actividades relacionadas coa informática; e 63: Servizos de información.

As empresas que xa resultaran beneficiarias do Programa InnovaPEME nas resolucións da concesión dos anos 2017, 2019, 2020 e 2021.

Condicións específicas da axuda

PLANS DE INNOVACIÓN

As empresas solicitantes presentarán un plan de innovación segundo se detalla no anexo IV da convocatoria. Permitirá ampliar e consolidar a capacidade innovadora da empresa. As actividades do plan desenvolveranse ao longo dun ano como mínimo e máximo dende a data de presentación da solicitude ata o 31 de agosto do 2023.

Actividades subvencionables

a) Actividades de innovación: estudos de novos produtos ou servizos innovadores, asesoramento en innovación, protección industrial ou intelectual,...

b) Innovación en materia de procesos e/ou organización: cambios e/ou solucións innovadoras que melloren a produción ou novas metodoloxías que incidan positivamente no funcionamento interno da empresa, prácticas comerciais, metodoloxías,...

Informe Innobench

As empresas solicitantes terán que presentar o informe Innobench, estudo gratuíto e personalizado que permitirá o punto de partida da empresa en materia de innovación (www.zfv.es/innobench/).

Principais indicadores do Programa InnovaPeme (Convocatorias 2017,2019,2020 e 2021)



160 Entidades beneficiarias

77 Micropemes

50 Pequenas empresas

33 Medianas empresas



767 Empregos creados
ou mantidos



14 Sectores apoiados

Outras especificacións da convocatoria

Esta axuda está cofinanciada polo Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020 da Unión Europea - "Unha maneira de facer Europa". Adicionalmente as entidades beneficiarias poderán solicitar acompañamento financeiro posterior para a comercialización e industrialización da innovación a través dos fondos de capital risco vinculados á innovación e xestionados por Xesgalicia, IFI Innova, e Re-Acciona Innovación.

Organismo xestor: Axencia Galega de Innovación

Tipo de apoio: Axuda a fondo perdido

Código de procedemento: IN848D

Data publicación DOG: xx/xx/2022

Presentación de solicitudes: Ata o xx/xx/2022
(1 mes dende a publicación no DOG)

Presentación de solicitudes: sede.xunta.gal

Máis información

<http://gain.xunta.gal>

servizos.gain@xunta.gal


981 957 393

981 541 079


981 547 017

Axencia Galega de Innovación (GAIN)
Rúa Airas Nunes s/n 15702
Santiago de Compostela

Máis información



gain.xunta.gal



ceei.xunta.gal

 @axenciaGAIN

 @axenciaGAIN

 www.linkedin.com/company/gain-axencia-galega-de-innovación

 www.vimeo.com/axenciagain

Axencia Galega de Innovación (GAIN)
Rúa Airas Nunes, s/n 15702
Santiago de Compostela

Contactar vía teléfono ou email:
981 957 008
servizos.gain@xunta.gal



UNIÓN EUROPEA
Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional



Xacobeo 21·22



XUNTA
DE GALICIA